

CONVENIO MARCO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A ENTIDADE FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE EMPRENDEMENTO E EDUCACIÓN FINANCEIRA

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en representación desta e de conformidade coas atribucións conferidas no Decreto 112/2020, do 6 de setembro, do seu nomeamento, no Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E da doutra, D. _____, presidente da Fundación Galicia Obra Social, NIF G-70270293, con domicilio en Cantón Grande, 8 de A Coruña, segundo consta no poder outorgado ante o notario de A Coruña, do Ilustre Colexio de Galicia, Don Isidoro Calvo Vidal, na data 5 de setembro de 2014 e baixo o nº 790 do seu protocolo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

1. Que a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación específica no seu Preámbulo que se incrementaron nos últimos anos as taxas de escolarización nas idades non obrigatorias, especialmente en formación profesional. A proposta legal que se presenta quere consolidar e afondar esta última tendencia e vincularse ás demandas de maior participación e recoñecemento no currículo dos movementos sociais que a crise impulsou. A educación debe aumentar a súa implicación na sociedade e no tecido produtivo, apostando pola formación profesional .
2. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de planificación, ordenación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e titulacións, modalidades e especialidades.
A Consellería de Cultura, Educación e Universidade conta co Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia "Eduemprende". Este Plan de Emprendemento foi aprobado no ano 2010 e o seu obxectivo estratéxico é a implantación na comunidade educativa dunha cultura emprendedora necesaria para mellorar a competitividade das nosas empresas e a empregabilidade dos estudantes galegos.
3. Que a Fundación Galicia Obra Social (en adiante Afundación) é unha fundación privada, sen ánimo de lucro, que define como misión a realización dunha acción educativa, social e cultural que, de forma sostida, eficiente, relevante e con vocación transformadora, contribúa a mellorar a sociedade galega, dentro e fóra de Galicia, posibilitando o desenvolvemento integral das persoas que forman parte dela.

4. Que un dos obxectivos prioritarios para a Afundación é a educación financeira proporcionando a través dos seus programas formativos os coñecementos necesarios para que as persoas tomen decisións informadas sobre as súas finanzas.

5. Que o Consello Europeo de Lisboa de marzo de 2000, que deu lugar ao programa "Educación e Formación 2010", recoñeceu a necesidade de impulsar iniciativas emprendedoras dende o ámbito educativo, así como a necesidade de crear políticas de educación e formación que promovan unha cultura emprendedora e innovadora como motor de innovación, competitividade, creación de emprego e crecemento económico, na que se recoñeza o fomento do espírito emprendedor como unha competencia clave para afrontar os cambios sociais e económicos derivados da sociedade do coñecemento.

6. Que as partes asinantes están dispostas a colaborar nas diferentes actuacións, previstas neste convenio, co obxectivo principal de adecuar a formación ás necesidades do sector financeiro, promovendo o emprendemento e a cultura financeira entre o alumnado.

En consecuencia, as entidades asinantes, de conformidade co exposto, formalizan o presente convenio marco de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e Afundación para o

desenvolvemento de actuacións sobre o emprendemento e a educación financeira.

Esta colaboración levarase a cabo nos seguintes campos de actuación:

- a) Realización de actividades formativas para fomentar o espírito emprendedor como motor de innovación, competitividade e crecemento económico. Estas actividades incluírán sesións, obradoiros e charlas organizadas en formato presencial e/ou virtual.
- b) Realización de actividades formativas que melloren as competencias do alumnado en materia de emprendemento, favorezan a súa inserción laboral e fomenten a posta en marcha de proxectos empresariais en colaboración coa rede de viveiros de empresas dos centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade .
- c) Formación do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en materia de emprendemento e finanzas.
- d) Cesión de equipamentos para a realización de prácticas nos centros de formación profesional.
- e) Outras actividades que as entidades asinantes deste convenio acorden desenvolver para favorecer a formación e a empregabilidade do sistema educativo galego.

Segunda. Promoción do emprendemento e da educación financeira

Afundación desenvolverá programas que fomenten a cultura emprendedora e a educación financeira entre o alumnado dos centros da nosa Comunidade Autónoma. Todas estas actuacións estarán enmarcadas no Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia "Eduemprende" que establece a estratexia de fomento da cultura emprendedora que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade lle transmitirá á comunidade educativa.

Terceira. Formación e actualización do profesorado

A proposta dunha das partes implicadas poderanse organizar cursos, seminarios, estudos, etc., sobre temas referentes ao emprendemento e a cultura financeira para o profesorado de centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Cuarta. Cesión de equipamentos

Como soporte práctico ás actividades de formación do alumnado, Afundación poderá ceder, en función da súa dispoñibilidade, aos centros educativos que impartan ensinanzas de formación profesional e dependentes da consellería, aqueles equipos axeitados para a súa utilización na formación práctica destas ensinanzas.

Quinta. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Esta comisión estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- Dúas persoas representantes de Afundación.
- Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que actuará como secretaria.

Sexta. Compromiso das partes

As partes manifestan a súa vontade de levar a cabo o desenvolvemento e mantemento dos diferentes programas reforzando os valores, principios e ética dos mercados, abordando a nova economía, a globalización e os novos procesos da economía actual. Para este fin empregarán no só medios tradicionais senón tamén, e de xeito preferente, os soportes que ofrecen as

novas tecnoloxías e redes sociais en internet. Todos os programas desenvolvidos deben favorecer o pensamento crítico e a reflexión. As actuacións a desenvolver xirarán arredor dos eixos do Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia “Eduemprende”.

Estes eixos son:

1. Sensibilización e motivación. Medidas que cómpre desenvolver para que a comunidade educativa perciba a importancia de construír e fomentar unha cultura emprendedora, para recoñecer actitudes e valores emprendedores no seu entorno, favorecendo a súa integración nos centros educativos e creando conciencia emprendedora.
2. Formación emprendedora. Iniciativas dirixidas a mellorar as competencias emprendedoras do alumnado e a súa autonomía, mediante a información, orientación e formación axeitada a cada nivel educativo. Tamén incide na dotación de recursos ao profesorado e na súa formación, na procura dun impacto final no alumnado.
3. Fomento e apoio ao emprendemento. Actuacións que se refiren ao apoio ao alumnado con competencias emprendedoras, á posta en marcha de proxectos empresariais viables e á posta en marcha de ideas empresariais innovadoras.
4. Coordinación e utilización de iniciativas. Comunicación, investigación, coordinación e potenciación de actividades de emprendemento útiles para o sistema educativo galego e que teñan un efecto de transversalidade no conxunto de medios do programa Eduemprende.

Compromisos de Afundación

Afundación encárgase do desenvolvemento, posta en marcha, mantemento e actualización de contidos dos seguintes programas:

- Grand Prix Financeiro
- La loca aventura del ahorro

- Implantación de ferramentas de medios de pagamento
- Preparados para o salto
- Seguramente

A esta listaxe poderanse engadir novos programas de contidos similares por acordo de ambas as partes.

Afundación será a encargada de elaborar e manter, ben directamente ou a través de terceiros, os sitios e plataformas de Internet necesarios para o desenvolvemento dos diferentes programas formativos.

Afundación é a encargada de elaborar e organizar o material didáctico que se utilizará nas sesións dos diferentes programas.

Compromisos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a non utilizar os documentos achegados por Afundación á marxe do seu uso para a xestión dos programas formativos mencionados.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade colaborará na difusión destes programas nos centros educativos e facilitará a Afundación a relación de centros participantes en cada un dos programas.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade facilitará os espazos físicos onde realizar as sesións presenciais, obradoiros ou charlas organizadas así como os medios técnicos necesarios.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá propoñer a incorporación de contidos aos diferentes programas así como materiais, vídeos, conceptos, ideas e recursos que considere oportunos.

Sétima. Cuestións adicionais

Este convenio marco de colaboración poderá ser complementado coa firma de addendas ou acordos específicos de colaboración que desenvolvan calquera dos aspectos contemplados neste convenio.

Oitava. Recollida de datos

Sempre dentro do marco establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais, Afundación poderá recoller datos dos asistentes ás actividades incluídas neste convenio, coa finalidade de xestionar eficazmente o seu desenvolvemento, reportar axeitadamente aos organismos que aportan os fondos da súa financiación, e informar aos asistentes das novas actuacións do seu interese no futuro. Estes datos tamén poderán ser cedidos á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o idóneo seguimento, control e supervisión das accións incluídas neste convenio.

Novena. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e co Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, as partes integrantes deste convenio, que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmo con finalidade distinta á esixida pola accións formativas.

Neste senso, haberá que averse ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril do 2016 relativo á protección das persoas física no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Décima. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e

bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo primeira. Vixencia do convenio

O convenio, tendo en conta o artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse, por acordo das partes, mediante a addenda correspondente. Esta addenda terá unha vixencia máxima de catro anos e asinarase antes do remate do prazo de vixencia do convenio. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre as partes.

Décimo segunda. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe un carácter administrativo por razón do seu contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales baixo o amparo do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo de aplicación dos principios desta Lei para resolver as lagoas e dúbidas que da súa aplicación se susciten conforme ao establecido no artigo 4 da citada Lei.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias e cuestión litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas entre as parte asinantes, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade co exposto, as partes asinan o convenio na data da súa sinatura dixital (23/11/2021).

O conselleiro de Cultura, Educación
e Universidade

O presidente da Fundación Galicia Obra
Social
